

A identidade no Magreb: O movemento cultural *amazigh* de Marrocos

David Manuel Alvarado Roales

Ao fío do cada vez meirande recoñecemento da pluralidade cultural a nivel mundial, así como un efecto inherente ás propias contradicións internas na conformación dos estado-nación norteafricanos, numerosos observadores e especialistas téñense decatado do gran desenvolvemento acadado recentemente dentro do comunmente denominado como movemento *amazigh*⁽¹⁾. Baixo esta etiqueta, ata o de agora, son particularmente coñecidas as reivindicacións na Cabília alxerina, rexión faro para o vector da *amazighidade* e desde onde desde fai décadas, sobre todo a partir da que se coñece como “primavera bérber” de 1980, as mobilizacións na rexión toman un cariz multitudinario e de confrontación directa co réxime, atopándose as demandas bérberes moi imbuídas, xa desde moi cedo, de cuestións tales como a democracia, a liberdade e os respecto aos máis fundamentais dereitos do ser humano⁽²⁾.

Moi nomeada é tamén a loita do pobo tuareg pola súa supervivencia a cabalo entre varios estados, particularmente no sur de Alxeria, Libia, Malí e Níxer. Xunto coa represión, a espoliación dos seus recursos naturais, a intensificación do proceso de desertización, a fame e unha pléiade de gobernantes corruptos que van desviar boa parte dos fondos en axuda humanitaria internacional destinada a estes bérberes, o desterro e a emigración cara ás grandes vilas ou mesmo cara campos de refuxiados –proceso este fortemente acentuado despois de masacres como as de Gau, Tombuctú ou Lere– son unha constante nos derradeiros tempos. Na disputa entre os tuareg e o goberno de Alxer, por exemplo, as autoridades non ocultan a súa desconfianza cara un grupo no que ven un perigo para a estabilidade interna do país, sendo recorrentes as actuacións das forzas de seguridade na zona⁽³⁾. O delito destes, parafraseando a Hawad, poeta pertencente á tribo nómade dos *Icascazen* do Sáhara Central e desde hai anos exiliado en París, non é outro que o de querer vivir en paz e ser eles mesmos na terra dos seus devanceiros⁽⁴⁾.

(1) O termo *bérber*, que procede do grego *barbaroi* e do latín *barbarus*, posúe unhas claras connotacións despectivas na súa orixe. É por isto precisamente que o vocábulo non é recoñecido pola poboación berberófona, que prefire a verba *amazigh* para referirse a eles mesmos e cuxo significado literal sería o de ‘home libre’. O seu plural é *imazighen*, mentres que a lingua bérber, en xeral e existindo certas variantes, é coñecida como *tamazight*.

(2) O 20 de abril de 1980, as forzas da orde alxerinas impediron a celebración dunha conferencia que Mouloud Mammeri, unha das grandes figuras da reivindicación *amazigh*, debía impartir sobre a literatura bérber. Este feito e as seguintes vagas de protesta por toda a xeografía da Cabília supoñen un momento de forte inflexión do movemento, un intre de toma conciencia identitaria bérber de parte de amplas capas da poboación e da identificación desta loita coa construción dunha Alxeria diferente, máis xusta, máis libre e máis democrática. As vicisitudes do movemento durante os anos de violencia extrema no país magrebí e as manifestacións tras os acontecementos de abril de 2001 non fan senón deixar ben as claras cales son as intencións do movemento.

(3) ALVARADO, David: *La lenta agonía tuareg*, en Diari Avui, 1 de setembro de 2005, p10.

(4) HAWAD, Mahmoudan: *Testament nomade*, Ed. Sillages, París, 1987.

En puridade, hai que sinalar que o *amazigh* é o pobo autóctono de todo o norte de África e os seus vastos dominios irían desde as illas Canarias ata o oasis de Siua, na fronteira actual entre Exipto e Libia. É por este feito que moitos consideran que, desde o punto de vista da antropoloxía física, esta rexión do planeta é maioritariamente bérber, sinalando que nestas latitudes a única distinción pertinente sería a que se pode establecer entre bérberes berberófonos e bérberes arabófonos, recoñecendo deste xeito que “a cuestión bérber é común a todo o Magreb”⁽⁵⁾. A pesar do maior peso mediático dos fenómenos cabilio e tuareg, o fenómeno atópase presente en todos e cada un dos estados norteafricanos, aínda que cun peso desigual.

Atendendo á variable lingüística, aínda que non existen datos estatísticos oficiais fiables, é Marrocos o país onde a presenza da lingua *tamazight* é máis forte e onde se atopa máis espallada ao longo de toda a súa extensión xeográfica, podendo chegar hoxe a poboación berberófona, segundo algunhas estimacións, ata arredor do 35% do total dun censo que rozaría os trinta millóns de individuos⁽⁶⁾. Se ben nos últimos anos asistimos a tímidos avances en orde ao recoñecemento da pluralidade cultural do Reino Alauí, a ideoloxía dominante, as coordenadas sobre as que foi edificado o actual estado marroquí, seguen a remarcar de forma insistente a súa arabidade. Esta, unida ao xacobinismo destes estados, sen dúbida herdado do colonialismo francés, fai que sexan moitos os que se senten estranxeiros no seu propio país, non recoñecéndose neste “ser marroquí”, que consideran que lles foi imposto por unha elite urbana árabe.

Segundo o dito, a pesar de ser Marrocos o “país bérber” por antonomasia, a reivindicación identitaria aquí segue a ser unha gran descoñecida. Doutra banda, non debemos esquecer que, ata épocas ben recentes, toda aproximación a este fenómeno era debedora dunha enorme carga antropolóxica, non lle recoñecendo ao Movemento Cultural Amazigh (MCA) outras dimensións que as meramente culturalistas e folclóricas. Este excesivo celo nunha identidade ancestral, unida á imaxe que o réxime de Rabat promovía dos seus “indíxenas”, axudaba excesivamente á extensión da idea que identificaba o vector da *amazighidade* cun conxunto de asociacións que reclamarían, de forma unívoca e exclusiva, o maior dos respectos e atencións para a cultura e a lingua bérberes. Deste xeito chegábase mesmo a contraponer ao movemento *amazigh* na Cabilia co de Marrocos, sinalando que o primeiro era de corte eminentemente político e que o segundo non era máis que unha especie de grupo de presión que buscaría o recoñecemento dunha lingua de seu de parte do *Majzén*, do réxime tradicional marroquí.

(5) CHAKER, Salem : *Berbères aujourd'hui*, L'Harmattan, París, 1998, p11. Neste senso, recoñecendo a existencia de diferentes realidades dentro do que os *imazighen* chaman *Tamazgha*, non podemos obviar que a propia reivindicación identitaria *amazigh* non é allea ao Estado español. Hai anos que os guanches canarios tratan de chamar a atención sobre a súa especificidade. Namentres, en Melilla intensifícase o debate arredor do estatuto que debe ter o *tarifit*, a variante rifeña do *tamazight*, ata o punto de que o pasado mes de novembro varias formacións nacionalistas presentaron unha proposición non de lei no Congreso dos Deputados de Madrid solicitando a declaración da cooficialidade do bérber.

(6) Véxase os datos do *Haut Commissariat au Plan (HCP) du Royaume du Maroc*: <http://www.hcp.ma/>.

Fronte a esta excesivamente simplista caracterización e fronte á idea dun movemento “sen atributos”, entendidos cunha certa intencionalidade política, a realidade resulta moito máis complexa. Nas liñas que seguen, se ben non se pretende aportar unha análise exhaustiva do campo da *amazighidade* en Marrocos, se se tenta delimitar as grandes liñas dun fenómeno, sinalando quen son os actores, tal cal é a súa historia e a súas reivindicacións, amais de apuntar certas variables que son claves para a comprensión deste movemento completamente político, na súa orixe, na súa natureza e, como non, nas súas demandas aos poderes establecidos. Nesta orde de cousas, exporase a idea de que, pouco a pouco, asistimos á cristalización dun certo discurso común ás diferentes polas do movemento, destacando que a *amazighidade* tería transcendido o ámbito do puramente cultural, erixíndose nun auténtico vector de contestación cara aos poderes públicos establecidos, portando ademais un proxecto de cambio moderno e democrático baseado nunha serie de coordenadas endóxeas. A identidade bérber, desde esta perspectiva, non sería máis que unha fachada, a punta visible dun iceberg que buscaría remover os cimentos dun réxime como o de Rabat, acentuando e acelerando o que algúns ven como una “transición cara a democracia” e outros, como o politólogo e antigo ministro de educación marroquí Abdallah Saâf, cualifican menos benevolmente como unha sorte de proceso de “saída do despotismo”⁽⁷⁾.

Breve historia da reivindicación *amazigh* en Marrocos: Do *Dahir* dito “bérber” ata o Partido Demócrata Amazigh Marroquí (PDAM)

Non se pode entender a evolución da reivindicación *amazigh* en Marrocos sen vinculala coa propia historia do país, particularmente coa do chamado Movemento Nacional. Neste senso, algúns identifican o xurdimento do nacionalismo marroquí co momento da promulgación do coñecido como *Dahir Bérber* de 1930 de parte de administración francesa da época, sendo este un texto legal onde se promovía o respecto da lexislación e das tradicións daquelas tribos de “costume bérber”⁽⁸⁾. Sen entrar en consideracións nin polémicas arredor deste texto legal e das súas implicacións, unha nova xeración urbana vai pronto sublevarse contra o que interpreta como un intento de división do pobo marroquí, apelando á unidade de todos fronte ao colono⁽⁹⁾. Deste xeito, nestes primeiros compases de xestación do Movemento Nacional e de loita contra o invasor estranxeiro, no nome da unidade de todos arredor do Islam e do árabe, os bérberes van quedar xa de lado.

(7) ALVARADO, David: *Entrevista con Abdallah Saâf*, en *Diari Avui*, 31 de marzo de 2006, p16.

(8) Véxase o texto íntegro do *Dahir* de 16 de maio de 1930.

(9) RACHIK, Hassan: *Symboliser la nation: Essai sur l'usage de identités collectives au Maroc*, Editions Le Fennec, Casablanca, 2003; e Gilles Lafuente: *La politique berbère de la France et le nationalisme marocain*, L'Harmattan, París, 1999.

Posteriormente, durante os primeiros anos tras a independencia, acadada oficialmente no 1956, de Francia e de España, o vector da *amazighidade* estivo fortemente marcado pola vontade do Movemento Popular (MP), unha formación política impulsada entón pola propia monarquía para tratar de contrarrestar o peso dun Movemento Nacional e sobre todo do partido do *Istiqlal* (da ‘unidade’, literalmente) que, tras anos de loita contra o colono e cunhas amplas bases populares, sobre todo nas principais vilas, facía sombra ao propio Mohamed V. Deste xeito é como, instigado e instrumentalizado pola monarquía e en contraposición ao poder desta burguesía urbana e arabizada, xorde unha formación de corte ruralista cuxas bases son eminentemente bérberes. Desposuídas dunhas sólidas bases sociais e intelectuais estruturadas, sendo notoria a precariedade na súa instrución e atopándose nas mans da política oficial, a cristalización dunha auténtica conciencia bérber non puido ser posible neste primeiros intres da independencia.

Para moitos, a primeira pedra do edificio do que será o futuro Movemento Cultural Amazigh (MCA) foi posta no ano 1967, coa formación da Asociación Marroquí de Investigación e Intercambios Culturais (AMREC). Esta organización, formada por xoves universitarios e por profesores de instituto oriúndos da rexión do Souss do país pero instalados en Rabat, comeza a desenvolver numerosas actividades en orde á recuperación e promulgación da que a estas alturas comeza a ser coñecida como “cultura popular”. Nestes finais dos anos 60 a política de Marrocos aínda se mantén fortemente marcada pola vontade de solidificar a unidade nacional, acabando con todo vestixio da que se tiña por unha división colonial entre árabes e bérberes. Falar nesta época de *berberidade*⁽¹⁰⁾ é sinónimo de colonialismo e de grave atentado contra os valores supremos da patria.

A situación non vai cambiar moito durante os 70 e primeiros 80 a nivel ideolóxico. Con todo, chegan a Marrocos as ideas do panarabismo de esquerdas, particularmente marxista, sufrindo as poboacións berberófonas dunha forte marxinalización social, política e económica. De grupos de xente insatisfeita ou de formacións máis ou menos coordinadas, é nesta época que asistimos ao agromar das primeiras asociacións bérberes e aos primeiros momentos da conformación dunha conciencia de seu de parte deste grupo, ata o de agora esquecido polos poderes establecidos tras a independencia. Un fito importante desta etapa é a fundación da Asociación da Universidade de Agadir, en 1979. A súa importancia reside en que é a primeira vez que unha organización toma unha certa posición intermedia entre a escala local e a nacional, fomentando os encontros entre os bérberes de diferentes zonas do país.

Ao compás dun certo aperturismo político, sobre todo nos derradeiros anos da era de Hassan II, quen chega mesmo a recoñecer nun célebre discurso a dimensión bérber de Marrocos⁽¹¹⁾, asistiremos a un auténtico *boom* do asociacionismo cultural, contándose por dúcias as novas asociacións e espallándose estas

(10) Cabe sinalar que o termo *amazigh* non aparecerá ata unha etapa ulterior da evolución do movemento.

(11) Discurso real do 20 de agosto de 1994.

ao longo de toda a xeografía marroquí. Sen dúbida, as nomeadas asociacións xogan un papel clave no despertar da conciencia bérber, o cal se ve tamén favorecido por un favorable contexto internacional ao recoñecemento da pluralidade cultural, sobre todo tras a caída do muro de Berlín e a fin da guerra fría, así como pola cada vez meirande, aínda que difícil, concertación a nivel mundial entre os diferentes polos da familia bérber⁽¹²⁾.

Un momento de forte inflexión dentro do movemento *amazigh* en Marrocos é o ano 1991, momento en que asistimos á publicación da Carta de Agadir, documento considerado como a acta oficial de nacemento do MCA. Auspiciada por Mohamed Chafik, grande intelectual, membro da Academia Real Marroquí, figura histórica dentro do movemento e primeiro reitor do IRCAM, supón a culminación de anos de loita e de reflexión, onde se analiza o contexto sociopolítico da época e onde se recollen as que serían as principais reivindicacións do movemento. Seis son as asociacións que ratifican esta Carta, onde se deplora a marxinalización sistemática da lingua e da cultura *amazighs*, fixándose como obxectivos, entre outros, a constitucionalización do carácter nacional do *tamazight* a carón do árabe, a integración da lingua e da cultura bérberes en diversos dominios, así como a súa inserción nos programas de ensinanza e nos medios de comunicación públicos⁽¹³⁾.

É a partir da Carta de Agadir cando os bérberes non se esconden máis baixo o termo de “cultura popular”, o cal é simbolicamente importante e anima unha masiva adhesión ao movemento. Ata o de agora, as reivindicacións das asociacións reducíanse de forma exclusiva aos eidos científicos e académicos, sen ousar unha actitude máis militante e combativa. Dotadas doutro senso, xorden dúcias de novas asociacións e a partires do ano 1992 asistimos tamén ao nacemento do Movemento Amazigh Estudantil co obxectivo de levar as protestas ao seo das institucións universitarias pero tamén coa finalidade de formar militantes, promovendo unha nova elite que ha de situarse á fronte das asociacións. Todo isto non fai senón axudar á difusión das reivindicacións, o cal se ve axudado coa proliferación, nos anos 90, das publicacións sobre a *amazighidade*: escolmas de poesía, novelas, pezas de teatro, guións de cine, artigos e obras que versan sobre cuestións lingüísticas, xurídicas, políticas e históricas. Doutra banda, comezan tamén a multiplicarse as revistas e xornais, amais dos sitios de Internet en *amazigh* e sobre o *amazigh*, o cal non fai senón reforzar e intensificar a toma de consciencia identitaria. En marzo do ano 2000, un colectivo de intelectuais asinan o *Manifesto Amazigh* relativo á necesidade do recoñecemento oficial da *amazighidade* de Marrocos. Este manifesto ten derivado nun amplo e profundo debate sobre a politización do MCA⁽¹⁴⁾.

(12) Neste senso, compre salientar a fundación do Congreso Mundial Amazigh (CMA), unha vella idea concretizada en Saint-Rome de Dolan (Francia) en setembro de 1995. O CMA funciona como unha especie de ONG que representa as reivindicacións bérberes en diferentes foros internacionais e que está composto de asociacións de carácter social, cultural, de desenvolvemento de protección do medio ambiente, tanto de África de Norte como de Europa e América do Norte.

(13) Véxase *Carta de Agadir* de 5 de agosto de 1991.

(14) Véxase *Manifesto Amazigh* de 1 de marzo de 2000.

Nun momento de máxima axitación dentro do movemento en Marrocos, con diversos actos de represión e co encarceramento de varios militantes, e tamén tras os tráxicos acontecementos que sacoden á Cabília alxerina en abril de 2001, o réxime marroquí parece que toma conciencia dos riscos do “feito bérber”. En Rabat, Agadir e outras vilas do Reino Alauí, as manifestacións dese primeiro de maio estiveron fortemente marcadas pola reivindicación *amazigh*. O movemento é xa de índole supranacional. No mes de xuño, unha reunión prevista na estación balneario de Bouznica, a uns 30 km ao sur da capital marroquí, unha reunión do comité do Manifesto de 2000 é prohibida baixo pretexto que este comité non tiña existencia legal. Os máis radicais non se opoñan á confrontación directa co estado. A “diplomacia” entra en xogo e o *Majzén* dáse conta que é mellor negociar, atopando en Mohamed Chafik o interlocutor idóneo. O 17 de outubro de 2001 promúlgase o *Dahir Real* de creación do Instituto Real da Cultura Amazigh (IRCAM) tras o célebre e simbólico *Discurso de Ajdir*, localidade situada no Medio Atlas, onde Mohamed VI promove a creación desta institución para “salvagardar, promover e reforzar o lugar da cultura *amazigh* no espazo educativo, sociocultural e mediático nacional, así como na xestión dos asuntos locais e rexionais”⁽¹⁵⁾.

Desde a súa fundación, o IRCAM non deixou indiferente a ninguén no seo do MCA, dividíndose este desde entón entre os seus partidarios e os seus detractores. Para uns, resulta claro que a creación desta institución é unha nova dimensión da estratexia do réxime para continuar a conter a reivindicación, folclorizala e, por último, para cooptar a algúns dos disidentes, aos que se lle bota en cara renunciar ao *militantismo* para “se sentar confortablemente nunha cadeira dunha institución real coma esta”. Doutra banda, ao IRCAM bótaselle en cara o incumprimento do seu rol de protección e promoción da *amazighidade*, tachando de tímidos os logros destes últimos anos⁽¹⁶⁾. Para outros, os máis radicais do movemento, o IRCAM non é unha institución válida habida conta da súa proximidade ao poder, facendo estes un amplo chamamento á súa substitución por un organismo verdadeiramente autónomo dos núcleos principais de poder⁽¹⁷⁾. Segundo a opinión de certos sectores do MCA, o obxectivo do IRCAM é precisamente este: dividir e debilitar ao vector *amazigh* en Marrocos⁽¹⁸⁾. Desde a institución real aseguran que eles fan o seu traballo e que son moitos os logros conseguidos durante os derradeiros anos, sobre todo en termos de introdución do *tamazigh* na escola e de estandarización e normalización da lingua⁽¹⁹⁾.

Con este panorama de fondo, cabe subliñar tamén como recentemente temos asistido ao nacemento do Partido Demócrata Amazigh Marroquí (PDAM), a culminación dunha antiga aspiración de moitos militantes que avogaban pola inmersión

(15) Véxase o texto do *Dahir* de creación do IRCAM de 17 de outubro de 2001.

(16) Estes son algúns dos elementos citados nunha táboa redonda organizada arredor do suxeito do IRCAM polo *Réseau Amazigh pour la Citoyenneté*, AZETA, o 19 de marzo de 2006 en Rabat.

(17) MOKHLISS, Brahim: *Amazighs contre Amazighs!*, en *Le Reporter* n° 365 do 20 de abril de 2006, Casablanca, pp24-28.

(18) Para saber máis sobre o IRCAM e sobre as súas actividades consultar <http://www.ircam.ma/>.

(19) Entrevista mantida con Ahmed Boukous, reitor do IRCAM, en Rabat o 21 de decembro de 2005.

plena na area política da man dunha organización partidaria que se erixise en representante de todos os bérberes, sobre todo habida conta da ineficacia e do retórico dos partidos que se din berberiscos. A asemblea xeral constituinte tivo lugar o 31 de xullo de 2005 en Rabat, coa presenza de militantes de todas as rexións e se ben as autoridades competentes aínda non o recoñeceron de forma oficial, este é tolerado de facto. No seu programa atopamos elementos tais como a reforma constitucional, xustiza social, o mellor reparto das riquezas do país, a institucionalización da lingua *amazigh*, unha *rexionalización* que respecte as particularidades de cada territorio e tamén a laicidade⁽²⁰⁾.

Un movemento entre a acción política baixo fachada cultural e a acción política directa: As reivindicacións bérberes en Marrocos

A traxectoria do movemento *amazigh* en Marrocos ten oscilado sempre, desde as súas orixes, entre o cultural e o político, sendo isto determinado normalmente pola continxencia e as particulares conxunturas e aliñacións de poder en cada época. Amais, o MCA non é unha masa uniforme e atópase atravesado por múltiples divisións e mesmo contradicións, así como por diferentes visións. Por vía asociativa existe unha grande ambigüidade estratéxica, xa que hai múltiples correntes e múltiples sensibilidades. Se ben non se deixa de lado o cultural, numerosos indicios testemuñan o “xiro político” do movemento. O debate actual parece situarse entre dúas alternativas, a saber, a acción política baixo fachada cultural ou a acción política directa, ao descuberto. Detrás, o desexo de preservar unha cultura e unha lingua, pero tamén a vontade de artellar canles de expresión para reivindicacións de corte político, social e tamén de carácter económico. Xa non é simplemente un feito lingüístico o que se reivindica, senón tamén os dereitos dos portadores desa lingua e, como non, a súa prosperidade económica e o fin das discriminacións de toda índole. O cultural responde a intereses estratéxicos e, ao mesmo tempo, á realidade dun réxime como o marroquí. Moitos militantes non ocultan os seus temores ás represalias se son demasiado ousados, se optan por unha estratexia de confrontación política directa con Rabat⁽²¹⁾.

Un elemento a ter en conta para a comprensión do MCA é a heteroxeneidade rexional. Existen en Marrocos, máis ou menos, tres grandes bloques berberófonos, que non son outros que o Rif, ao norte, o Medio Atlas, que incluíría a rexión do sueste, e o Souss. A historia de cada rexión é distinta. As particularidades de cada un dos territorios son diferentes, o cal redunda en certas diverxencias. No primeiro grupo, o dos rifeños, existe unha certa relación, a grandes trazos, entre o movemento

(20) Véxase a páxina web oficial do PDAM: <http://tamazighte.com/>.

(21) En numerosas entrevistas puiden comprobar como este tipo de percepcións son máis comúns naquelas rexións onde a represión do réxime ten sido historicamente máis acusada como, por exemplo, no sueste do país ou no propio Rif.

amazigh e a militancia en partidos de esquerda, sendo aquí quizais onde as reivindicacións culturais sempre estiveron máis relacionadas con cuestións de tipo “político”, tendo ultimamente moita repercusión o debate sobre unha posible descentralización do estado a raíz das últimas solucións aportadas por Rabat para a xestión do dossier do Sahara Occidental. Na zona do Medio Atlas, en xeral, a militancia parece ter optado por unha meirande inclusión nos “partidos berberiscos” do Movemento Popular, namentres que a xente do Souss, sobre todo aqueles que emigraron ás grandes vilas marroquís e particularmente cara Casablanca, son tradicionalmente militantes da primeira hora nos partidos socialistas do movemento nacional, a Unión Nacional de Forzas Populares (UNFP) nun primeiro momento e logo na Unión Socialista de Forzas Populares (USFP).

A *amazighidade* étnica ou lingüística non é consubstancial cunha conciencia *amazigh* que veña de seu. Pódese ser *amazigh*, falar *tamazight*, todo resignándose coa orde de cousas establecida e adheríndose ás teses que teñen socavado e marxinalizado o feito bérber durante décadas: pódese ser *amazigh* e mesmo estar imbuído ou militar pola ideoloxía panárabe. Nun país onde unha elevada porcentaxe da poboación é bérber o difícil é non atoparse con membros deste pobo alí onde miremos, sexa nos postos clave do estado ou á cabeza das principais formacións políticas do país. Sen ir máis lonxe, actualmente, o primeiro ministro marroquí, Driss Jettou, e o secretario xeral dos “islamitas moderados” do Partido da Xustiza e do Desenvolvemento (PJD), Saâd Eddine El Othmani, teñen ao *tamazigh* como lingua materna, non sendo este feito un elemento forte da súa idiosincrasia. É, polo tanto, *amazigh* aquel que quere selo e, se ben a lingua é un elemento constitutivo da identidade, esta non é determinante, non podendo reducir o feito bérber a unha simple cuestión lingüística.

É por isto que para os bérberes, a *amazighidade* é algo moito máis grande que implica unha certa idea de Marrocos, unha certa idea de modernidade e non poucos valores humanos, conformando, en suma, un vasto e ambicioso proxecto de cambio, unha alternativa diferente para todo o país. A estas alturas, acadada xa unha certa madurez dentro do MCA e a pesar da súa heteroxeneidade, como ben sinalamos, comezan a solidificarse certas variables. Deste xeito, as ideas compartidas arredor da propia definición da identidade, do diagnóstico da realidade e dos males dos que adoce o Marrocos contemporáneo, así como do que se debe facer para superar o actual estado de cousas, comezan a cristalizar nun certo discurso común a cada vez máis amplos sectores da *berberidade*.

As reivindicacións bérberes son un elemento de forte transgresión ás bases sobre as que foron edificados os estados magrebís. Aquí, en primeiro lugar, compre salientar que o árabe tense servido do Islam para proclamar a súa superioridade, a súa sacralidade e a súa idoneidade para explicar a mensaxe divina na terra. A supremacía do árabe provén do feito relixioso e o árabe é o pobo elixido, descendente directo do profeta Maomé e da súa mesma etnia. Todos os que se reclaman desta cultura e desta civilización considéranse como lexitimados para exercer o seu poder

político, privilexiando o seu instrumento de comunicación, o árabe, nos valores sociais e culturais. Neste senso, a dominación cultural está directamente relacionada coa dominación política e, como non, económica. En segundo termo, non debemos esquecer que os estados xurdidos das independencias tomaron dos seus colonos, nomeadamente de Francia, a divisa xacobina, con moi poucas excepcións. Isto implica que un mesmo pobo posúe unha mesma lingua, unha cultura igual e profesa unha soa relixión. Coa excepción da Tunicia de Habib Bourguiba, a loita destes novos proxectos políticos inseriuse dentro do campo do arabismo, sobre todo grazas ao Islam. Sen máis, o feito de se dicir diferente nun estado como Marrocos, por exemplo, non é nin moito menos unha cuestión banal exenta de connotacións políticas de fondo calado.

Neste marco identitario bérber existe unha especie de “contido moral” do “ser bérber” e que buscaría marcar xa de partida unha clara dicotomía co “ser árabe”, con aquilo que é “propio do Oriente Medio” e alleo á tradición marroquí. A *amazighidade* estaría formada por toda unha pléiade de valores positivos, caracterizada por uns tradicionais valores de aperturismo, de tolerancia e de respecto cara o entorno, cara a propia natureza, e tamén cara os outros. O home e o seu particular contexto xeográfico sitúanse no centro, fronte ás ideoloxías “árabes” que consagran a preeminencia de *Allah* ou dunha esencialista nación común aos portadores da lingua do profeta Mofamede, facendo de cuestións tais como as de Palestina ou de Iraq “causas supremas”. Dentro do ideario *amazigh*, as súas antípodas, como sinalamos, están encarnadas polo arabismo e polo islamismo que, segundo eles, son dúas caras da mesma moeda. Non deixa de ser curioso, por outra banda, que nos últimos tempos as loitas universitarias dividan a bérberes dunha banda e a islamitas e antigos militantes de esquerda doutra, estes últimos enarborando xuntos a bandeira da nación árabe. Dunha banda, a loita pola liberdade, pola democracia, pola laicidade e polos valores universais da modernidade. Da outra, o obscurantismo, a intolerancia, o integrista, a razón divina e toda unha serie de causas alleas e moi lonxe do que son os verdadeiros problemas do país.

Entre as principais reivindicacións das asociacións *amazighs* atopamos, entre outros moitos elementos, unha reforma constitucional para oficializar a lingua *tamazight* en Marrocos. Este novo estatuto de lingua de estado debería ir acompañado de numerosas medidas para mobilizar os recursos axeitados ao seu desenvolvemento, promoción e difusión. Estas esixencias visan tamén á reforma do *Dahir* relativo á xeneralización, unificación e arabización, unha lei que penaliza fortemente a aqueles marroquíes que son educados noutra lingua. A ensinanza do bérber debe ser dispensada a todos os marroquíes e debe beneficiarse, polo menos, de todas as vantaxes que posúe a lingua árabe. O sistema educativo antóllase clave aos ollos do bérberes, xa que segundo eles o monolingüismo favorecido nos últimos tempos é sinónimo de analfabetismo, nun mundo que non deixa de abrirse e de diversificarse. O plurilingüismo debe ser obrigatorio se este quere inscribirse nunha dinámica universal, sendo o dominio das linguas estranxeiras un valor engadido para os futuros

cidadáns. A escola marroquí debe deixar a súa misión “ideoloxizante”, nos valores “árabes” que antes sinalamos, e asumir un rol de formación.

Un elemento que deixa ben ás claras a dirección do vector da *amazighidade* en Marrocos é o seu celo na cuestión da laicidade, reivindicando a supresión do artigo constitucional que sinala que “o Islam é a relixión do estado”⁽²²⁾, ao considerar que este punto favorece a exclusión. Son os *imazighen* os únicos que teñen postulado de forma aberta e decidida a súa aposta por un réxime laico, o cal non vai necesariamente contra o feito relixioso, pero si contra a imposición do mesmo, buscando unha total igualdade entre todos os cidadáns⁽²³⁾. Aquí, como en moitos outros aspectos e lembrando o nada aséptico de se dicir diferente nun estado construído sobre unhas coordenadas arabomusulmanas, a loita polo recoñecemento identitario é inseparable de cuestións tais como o respecto dos dereitos humanos, entre os que se atopan os dereitos culturais, así como dos valores universais modernos xurdidos da Revolución Francesa, inscribindo ao movemento dentro dunha perspectiva universal e facendo da súa loita un grande esforzo cara un verdadeiro tránsito cara a democracia, con todas as súas consecuencias.

David Manuel Alvarado Roales é politólogo e correspondente de prensa no Magreb.

(22) Véxase a Constitución marroquí.

(23) Son moitos os líderes e militantes que publicamente, nun contexto francamente hostil, téñense amosado proclives á laicidade. Por escrito, un fito neste senso é a *Carta de reivindicacións amazighes a propósito da revisión do texto constitucional*, de finais de 2004 e asinada por varios destacados líderes do movemento asociativo. Aquí esíxese unha auténtica reforma da Carta Magna que, xunto coa laicidade, inclúa unha maior democracia e o recoñecemento dos dereitos culturais e lingüísticos dos bérberes. Véxase tamén Moha Areal: *La laïcité, un choix nécessaire pour la construction d'un Etat démocratique au Maroc*, http://www.mondeberbere.com/rebonds/20050314_laicite.htm.